


Abrimos este curso escolar cuas colaboracións que nos mandaron, condo taba acabando el curso anterior, us nenos y nenas de primeiro da ESO de Vilanova d'Ozcos. Agora xa van a segundo pero de seguro que yes ha prestar ver publicadas nel Arco da veya as cousas qu'escribiron.

Empeza el curso y empieza con problemas: a nosa fala sigue sin tar en todas as escolas del occidente, ou miyor dito, a nosa fala nun ta en cuase nengua escola del occidente.

Estos relatos que nos chegan dende Os Ozcos son el miyor testimonio d'ua llingua y ua cultura vivas y chias d'encanto y, tamén, de como os máis novos siguen recoyendo a tradición nesa mesma llingua. Que vos presten.

El Mostro de Sete Cabezas



En Mon, un pueblo que é de Samartín dos Ozcos, había un mostro parecido a ua colobra mui grande que tía sete cabezas e comía á xente.

A xente tiráballe rodas de carros calentes pra ver se morría. Pro nun morría.

Un día el rei díxolle a un militar que se a mataba construíalle un palacio e casábase coa súa filla. Entonces él foi con dous cais e ua espada a onde pasaba a colobra. Os cais entreteréronla ye él matóula.

Fixéronlle un palacio chamado el Palacio de Mon e casouse coa princesa.



A LENDA DEL PALACIO DE MON

Eúntase que nel palacio de Mon había un rei qu'era mui bon e que gobernaba el sou pueblo mui ben.

Nese pueblo había un mostro que mataba a xente. Muitas veces quixeron mata-lo mostro, pro sin resultado.

El rei xa taba cansado de que cada pouco tempo matase a xente. Entoncez chegouse a un acordo: prometéu a mao da súa filla a quen matase al mostro.

Un día presentouse alí un mozo elevóu úa espada de bronce que lla chantóu na barriga al mostro. El mostro empezóu a cayer lentamente hasta que morréu.

El rei, como prometéu, deulle a mao da súa filla a ese mozo. Pro el mozo nun quería porque nun tía casa. El rei fíxolles un palacio unde vivirían.

Mónica Bueno López (Vilanova d'Ozcos).

As Cruces

Se pois cruces en ventás e portas, el demonio nun ch'entrará na túa casa, pro ten que ser en víspora de San Xuan.

Mónica Bueno López (Vilanova d'Ozcos)

Presinarse

Antes a xente tía el costumbre de presinarse e se un día nun s'acordaban, pola noite, mentras dormían, poñíaselles un peso mui grande que nun lles deixaba respirar.

Mónica Bueno López (Vilanova d'Ozcos)

A gran pedra

Nun sei unde había úa pedra mui grande e porriba poña: "Dádeme a volta y atoparéis".

Xuntáronse vecíos de varios pueblos e déronye a volta. Nel lado qu'agora taba porriba poña: "Bendito sea Dios y alabado, que xa tou del outro lado".

Lucía López Amor (Pacios-Vilanova d'Ozcos)



El palacio de Mon nel conceyo de Vilanova d'Ozcos

A PEDRA DE COTARELO

En Cotarelo hai úa pedra que ten a forma d'un home deitado. Dicen qu'el que se deite alí na noite de San Xuan dálle sorte.

Iván Prieto Regodeseves (Sanamede-Vilanova d'Ozcos)

EL CORRO DA MORA MORTA

Nel Chao das Gralles había un cerco de parede que lle chamaban El Corro da Mora Morta y dicían que nel fondo había enterrado un peleyo de boi que tía ouro.

Tamén dicían qu'el que saltaba dentro del círculo mátabalo a mora. Houbo muita xente que foi çavar a terra pro realmente nun se soupo lo que pasóu col tesouro

Abel Lastra Bravo (A Garganta-Vilanova d'Ozcos)